


Problema709: Xustifica se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: No equilibrio:

$\text{HSO}_4^-_{(\text{ac})} + \text{H}_2\text{O}_{(\text{l})} \rightleftharpoons \text{SO}_4^{2-}_{(\text{ac})} + \text{H}_3\text{O}^+_{(\text{ac})}$ a especie HSO_4^- actúa como unha base e a molécula de auga como un ácido de Brønsted-Lowry.

Segundo Brønsted e Lowry: ácidos son as substancias (moleculares ou iónicas) que poden ceder ións H^+ e bases son as substancias (moleculares ou iónicas) que poden aceptar ións H^+ .



A afirmación é falsa, o $\text{HSO}_4^-_{(\text{ac})}$ no equilibrio cede un protón á auga para formar $\text{SO}_4^{2-}_{(\text{ac})}$ por tanto compórtase como ácido, e a auga compórtase como base ao aceptar o protón para dar $\text{H}_3\text{O}^+_{(\text{ac})}$